



O operador galego está a despregar a tecnoloxía 5G e a modernizar a súa rede de fibra, que chega directamente aos fogares da comunidade

R segue despregando en Gondomar unha rede de fibra óptica que permitirá servizos de ata 10 xigas simétricos

- ***Os/as clientes/as de R dos núcleos de Gondomar conectados xa poden gozar dos servizos máis innovadores que lles ofrece a nova rede de fibra do operador galego, con posibles accesos de ata 10 xigas, wifi 6 e tele con deco Android 4K sen ningún custo adicional.***
- ***Preto de 90 novos inmobles do núcleo do Portelo, en Gondomar, únense aos xa incorporados en anteriores despregaduras; cando rematen os traballos do Plan Avanza serán arredor de 2.000 as residencias e empresas preparadas coa fibra máis moderna do mercado neste concello pontevedrés.***
- ***O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.***

Venres, 26 de novembro de 2021.- Novos fogares e negocios do núcleo do Portelo, en Gondomar (Pontevedra), xa poden dispor de accesos ultrarrápidos a internet de ata 10 xigas simétricos e gozar dos servizos máis avanzados de telecomunicacións do mercado. Todo iso, grazas á nova rede de fibra de R que o operador galego está a modernizar nas catro provincias de Galicia dende a pasada primavera.

R rematou recentemente outro treito das tarefas de despregadura da súa rede de fibra en Gondomar, aproveitando ao máximo as infraestruturas do devandito núcleo do Portelo, onde esta vez quedaron conectados arredor de 90 novos inmobles.

Cando rematen as despregaduras enmarcadas no vixente Plan Avanza no que **R** traballa a día de hoxe, arredor de **2.000 fogares e negocios** teranse unido xa a esa modernísima rede de fibra de **R** en case 70 núcleos do concello de Gondomar, entre os que figuran Os Amados, O Barreiro, Piñeiro, Carasquedo de Abaixo, A Rochela, As Vendas, Vilarés, A Igrexa, Fontenla ou Areíña, por mencionar só algúns deles.

Ademais do Plan Avanza, o operador galego leva tempo investindo na extensión de rede propia en Gondomar a través doutras accións e, así, nestes momentos dispoñen da cobertura de **R** un total de máis de **1.700 fogares e empresas** do concello.

10 millóns de investimento e fondos europeos

Este e outros desenvolvementos de rede na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital dos que **R** resultou adxudicatario en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuñan de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento do tres plans investírase un total de **10M€**, dos cales preto de **8M€** son subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, as despregaduras de Gondomar enmárcanse no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **196 núcleos de municipios do sudoeste de Galicia** (Pontevedra). Os traballos nestas zonas suporán un investimento total de **3,75M€**.

A día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** chegou por primeira vez coas súas redes de nova xeración a núcleos de poboación das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade nos concellos do Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Mos, Pobra de Trives, Peín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Moraña, Guitiriz, Tomiño, Abegondo, Ribadumia, Combarro, Muxía, Valga, Vilaboa e Ponte Caldelas.

A rede máis rápida do mercado para os/os clientes/as de R

Os/as clientes/as de **R** dos núcleos de Gondomar conectados xa poden gozar dos servizos máis innovadores que lles ofrece a nova rede de fibra do operador galego, coa posibilidade de accesos de ata 10 xigas, wifi 6 e tele con deco Android 4K sen ningún custo adicional. Estas vantaxes vanse traducir, entre outras cousas, nunha cobertura óptima dos servizos de **R** nos fogares e nunha maior capacidade de navegación con varios dispositivos conectados.

A nova rede de **R**, a máis rápida de España segundo o prestixioso estudo da empresa francesa *nPerf*, utiliza a tecnoloxía FTTH, que accede directamente aos fogares e permite velocidades simétricas (iguais de subida e de baixada) en toda a súa extensión. É a última tecnoloxía baseada no estándar XGS-PON, preparada para o futuro, idónea para simultanear tarefas de teletraballo, teleformación, videochamadas, *streaming, gaming...* etc. Un sistema que permite habilitar eses accesos de ata 10 xigas, o que supón 4 veces máis capacidade de descarga ca a tecnoloxía actual e ata 8 veces máis capacidade de subida.

Cambio de equipos gratuíto e 5G

A medida que se vai despregando a nova rede, os/as clientes/as de **R** son avisados/as e informados/as dos pasos deben seguir para cambiar os seus equipos por outros de nova xeración, máis avanzados, de forma totalmente gratuíta. E as novas altas de **R** xa están a contratar maioritariamente sobre a nova rede de fibra óptica.

Cando en 2022 se completen os traballos de despregadura da tecnoloxía 5G e da nova rede de fibra FTTH, os novos equipos quedarán instalados en todos os inmobles e Galicia converterase nunha das rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía, preparada para o uso e **desenvolvemento de todos os servizos da chamada quinta xeración**. Esta tecnoloxía avanzada 5G apóiase na rede de fibra óptica, supón máis velocidade (10 veces máis que o 4G), maior capacidade e a posibilidade de xestionar unha cantidade inxente de datos, establecendo comunicacións ultrarrápidas sen apenas latencia.

Con esta infraestrutura de última xeración que **R** desprega dende a pasada primavera, Galicia poderá competir en calquera lugar do mundo ao máximo nivel, ofrecendo a fogares e negocios galegos os servizos de telecomunicacións máis avanzados do territorio.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

